

# Irmás Mirabal

## Traxectoria

Patria, Minerva e María Teresa, nadas nos anos 1924, 1926 e 1935 na República Dominicana e finadas o 25 de novembro de 1960, son tamén coñecidas polo nome de **Las Mariposas** por ser este o nome en clave que adoptaron.

A familia Mirabal era unha familia podente. Minerva, aos quince anos, decide continuar os estudos e estuda Dereito na universidade. Na universidade entra en contacto con Pericles Franco, mais o que decanta máis o seu compromiso político é o acoso ao que se ve sometida por parte de Rafael Leónidas Trujillo. Patria e María Teresa apoian a Minerva e as tres convértense en opositoras ao réxime ditatorial.

En 1957, Minerva foi na primeira muller doutorada en Dereito na República Dominicana, mais non lle deixaron exercer a súa profesión.

As tres entraron a formar parte do Movimiento Revolucionario 14 de Junio e adoptan o nome en clave Las Mariposas. Foron encarceradas e torturadas.

Pasaron 5 anos en prisión e foron liberadas pola presión internacional mentres os seus maridos permaneceron en prisión. Nunha viaxe para os visitar, foron asasinadas.

## Recoñecementos

A rexión natal das irmás Mirabal recibe o seu nome.

Os billetes de 200 pesos da República Dominicana levan a súa imaxe.

O Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller toma como referencia a data do seu asasinato.

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Irm%C3%A1s\\_Mirabal](https://gl.wikipedia.org/wiki/Irm%C3%A1s_Mirabal)



## Ana Orantes

Ana Orantes Ruiz naceu no seo dun fogar humilde, localizado na rúa Elvira de Granada, o 6 de febreiro de 1937. Era a terceira de seis fillos do matrimonio formado por Manuel Orantes, albanel de profesión, e Rosario Ruiz, modista e dependenta dunha tenda de larpeiradas. Debido ás penurias económicas da súa familia, Ana non puido ser escolarizada e desde os nove anos de idade xa axudaba á economía familiar, exercendo como costureira.

Contaba con dezanove anos cando coñeceu a José Parello Avivar. Ao pouco do seu primeiro encontro, aceptou iniciar un romance con Parello para darlle celos a un antigo noivo. Doutra banda, el desexaba emanciparse dos seus proxenitores, algo que conseguiría se casaba de inmediato. Con tal fin, Parello acelerou o seu casamento con Orantes, ameazándoa con difundir inxurias contra ela se se negaba. Despois de tres meses de noivado e a pesar da oposición dos pais dela, contraeron matrimonio a finais de 1956. Os recentemente casados instaláronse no domicilio dos pais del, onde residirían durante tres anos. Froito da súa unión, naceron once fillos, dos cales tres pereceron.

## Asasinato

Na mañá do mércores 17 de decembro de 1997, trece días despois da retransmisión da entrevista televisada, Ana Orantes marchouse coas súas consuegros para realizar unhas compras. Chegou de volta ao seu chalé ao redor das 14:00 h.

Pola súa banda, Xosé Parello(o seu exmarido) viaxou a Santa Fe para recibir a comunicación de que fora denunciado novamente, despois xogou unha primitiva, comprou tabaco e partiu á súa planta baixa do chalé. Alí dispúxose a limpar un rotocultor, cuxo depósito encheu con gasolina. Para iso, axudouse dun recipiente de plástico que, unha vez usado, aínda albergaba uns 1,5 litros de gasolina sobrante. A mesma que el lle lanzaría a Orantes pouco despois

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Ana\\_Orantes](https://gl.wikipedia.org/wiki/Ana_Orantes)

